



Memoria económica e de transparencia do Convenio para concesión dunha subvención directa entre a Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Mos para o proxecto senlleiro de acondicionamento de espazo público para uso formativo e de lecer na categoría de "promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa comarca."

Expediente: CNV24_10

PRIMEIRO.- Antecedentes e obxectivos

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural creouse pola disposición adicional sexta da Lei 5/2000, do 28 de decembro, de medidas fiscais e de réxime orzamentario e administrativo (DOG núm. 251, do 29 de decembro).

A dita lei de creación está modificada, entre outras, pola Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia (DOG núm. 94, do 21 de maio), en cuxo artigo 6 ten a consideración de medio propio e servizo técnico da Comunidade Autónoma de Galicia, que actúa como instrumento básico na promoción e coordinación do desenvolvemento do territorio rural galego, co obxectivo de mellorar as condicións de vida dos seus habitantes e de evitar o seu despoboamento a través, entre outras, das medidas de recuperación da terra agroforestal de Galicia reguladas na citada Lei 11/2021.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural está adscrita á Consellería do Medio Rural, ten personalidade xurídica e patrimonio propios, goza de autonomía administrativa e económica e posúe plena capacidade de obrar, tanto no campo do dereito público como no do dereito privado, para o cumprimento dos seus fins e con suxeición á normativa correspondente.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural quere promover e poñer en valor no ámbito rural galego o patrimonio histórico, a recuperación da terra agraria, a vida social, cultural e educativa, a contorna natural e os produtos agroalimentarios, xa que as actuacións sobre os ditos ámbitos contribúen a mellorar a calidade de vida e a cohesión a vida social e a estimular o arraigamento da poboación no medio rural, de xeito que fagan deste un lugar máis atractivo, ao ser as ditas actuacións interesantes dende o punto de vista do fortalecemento do orgullo rural, da diversificación económica, da potenciación do interese polo territorio e, polo tanto, do desenvolvemento xeral do territorio.

De conformidade co disposto nesta normativa, compete a Axencia, entre outras funcións:

-Elaborar estratexias e plans integrados de valorización do medio rural, que coordinen actuacións de diversa natureza e contén coa participación dos axentes socioeconómicos públicos e privados.





- Artellar proxectos de desenvolvemento rural con carácter piloto e innovador, dirixidos ao reforzamento da base produtiva das áreas rurais, á valorización dos seus recursos e á mellora da calidade de vida dos seus habitantes.
- Promover e favorecer a cooperación entre os axentes públicos e privados cuxas actuacións incidan directa ou indirectamente no desenvolvemento das zonas rurais
- Contribuír ao reforzamento del tecido social e á mellora da capacidade organizativa das áreas rurais.
- Aplicar outras medidas e actuacións que teñan por obxecto, en particular, a dinamización do tecido produtivo e á fixación de poboación nas áreas rurais.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no marco das súas competencias e dentro das súas accións estratéxicas, ven apoiando, mediante axudas directas a través de convenios, baixo a denominación de "proxectos senlleiros", diversas actuacións por entender que concorren nelas as características de especial relevancia para o desenvolvemento rural que as fan merecedoras de apoio económico.

Coa finalidade de prever, con carácter xeral, os requisitos para a concesión deste tipo de axudas, o 20 de abril de 2022 o Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural aprobou o Acordo polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros

(https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_04_28_acordo_proxectossenlleiros.pdf), modificado por acordo do 7 de novembro de 2022 do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural polo que se modifica a regra 4ª "Entidades beneficiarias dos proxectos senlleiros" onde se engade como entidade beneficiaria dos proxectos senlleiros as Comunidades de montes veciñais en man común (punto 4.2 do Acordo) (https://agader.xunta.gal/sites/w_pagade/files/documentacion/acordos/2022_11_7_certificadosenlleiros.pdf). A regras deste Acordo conceptúan como proxectos senlleiros as actuacións sobre elementos e realidades merecedores dun recoñecemento especial, pola súa capacidade para contribuír á conservación de dúas finalidades esenciais: Mellorar a calidade de vida da poboación e promover a fixación desta nas áreas rurais.

SEGUNDO.- Xustificación do interese público e social, singularidade e excepcionalidade e da non concorrencia pública da actuación proposta .

Nos termos previstos no artigo 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, poderán concederse de forma directa, con carácter excepcional, as subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria.

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o concellos son conscientes da necesidade de favorecer a contorna rural, a preservación do patrimonio que alberga e a promoción do seu potencial turístico e económico, de xeito que se mellore tanto a calidade de vida da poboación, mediante unha adecuación oferta no ámbito do ocio, o deporte, a cultura, e/ou sectores produtivos e se preste unha completa gama de servizos básicos que melloren as condicións de socialización e interrelación das parroquias rurais de Galicia dende a premisa principal de garantir a existencia das infraestruturas básicas para elo e mellorar a estrutura do territorio para fixar a poboación do rural galego.





- Interese público e social: O 8 de marzo de 2024 o concello presentou unha solicitude de colaboración, para a execución das obras de que se trata para o financiamento dun proxecto senlleiro de acondicionamento de espazo público para uso formativo e de lecer dentro da categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".

A finalidade deste proxecto é o acondicionamento e peche da parcela denominada "Aldea Alfacuca", que se atopa situada no Barrio de San Antoiño, Parroquia de Louredo no Concello de Mos así como das edificacións existentes onde se pretenden desenrolar as actividades didácticas relacionadas coa natureza.

Preténdese crear un espazo onde aprender a convivir coa natureza e compartir todo o apredizaxe cos demais en diferentes zonas verdes que se deseñaron. Trátase dunha aldea ecolóxica orientada a todo tipo de público: asociacións, residencias, centros, colexios... ofrecendo aprendizaxes en forma de talleres, cursos, charlas, visitas guiadas, asesorías

As actuacións facilitarán a preservación de todos estes valores no medio rural o que incentiva a necesidade que ten esta Axencia en potenciar a recuperación da vida social, cultural e educativa da comarca nese nexos de relación veciñal.

- Singularidade e excepcionalidade: neste caso, a singularidade do proxecto reside no acondicionamento deste espazo singular como unha aldea ecolóxica orientada a todo tipo de público: asociacións, residencias, centros, colexios... ofrecendo aprendizaxes en forma de talleres, cursos, charlas, visitas guiadas, asesorías, consultorías, excursións, acampadas, campamentos, xogos dinámicos para diferentes idades, camiñadas pola natureza, roteiros de sendeirismo, actividades sociais pola interacción grupal e a relación co medio, coa posibilidade de colaborar con diferentes talleres relacionados coa contorna por exemplo a elaboración de pan artesán, cosmética natural, micoloxía, cestería, mel ecolóxico, ioga ou pilates na natureza... ademais de difundir valores positivos como o ecoloxismo, a solidariedade, a igualdade, a tolerancia, a xenerosidade, a diversidade, a hospitalidade, o respecto, a colaboración entre as persoas e a autosuficiencia.

De acordo co artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non é posible promover a concorrencia pública para a realización desta actuación. A necesidade de atender áreas específicas como a promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca materialízase no uso e goce do mesmo co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos así como ofrecer a súa visita como complemento cultural e social.

Neste caso a memoria presentada polo Concello de Mos propón o acondicionamento deste espazo como un lugar máis sostible social, cultural e ecoloxicamente, onde se impartirán actividades de formación, educativas, culturais e de lecer teórico/prácticas sobre agricultura rexenerativa nunha contorna tan característica e diferente como o dunha aldea. Utilizaranse técnicas para reconstruír a materia orgánica e a biodiversidade do chan, coidando e respetando a microbioloxía que protexe a nosa terra cultivando varias especies vexetais que interactúan entre si beneficiándose de maneira simbiótica. A chegada de materia orgánica e a rexeneración do chan aseguran un equilibrio sostible para o ecosistema da aldea.





Ademais, debido ao carácter puntual ou ocasional deste tipo de apoio e á vista das características concretas das actuacións previstas, non parece adecuado articular estas axudas a través dunha convocatoria pública, sendo a subvención directa a través de convenio a fórmula que máis se adapta á natureza destas axudas.

Polo tanto, a subvención directa decídese en base a criterios obxectivos que foron fixados mediante o Acordo do Consello de Dirección de Agader do 20 de abril de 2022 polo que se fixan as regras de tramitación das axudas, mediante concesión directa a través de convenio, do Programa de Proxectos Senlleiros en canto as posibles entidades beneficiarias das axudas, os concellos, como ás actividades a subvencionar. En concreto, na regra 3.-Categorías de proxectos senlleiros, sinala que os proxectos financiados a través do programa deberán pertencer a algunha das categorías que se sinalan. O proxecto que nos propón o concello encádrase na seguinte categoría e características:

- C) Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca:
- a. Realizar a rehabilitación, reconstrución ou recuperación de edificacións, infraestruturas ou espazos públicos singulares, por teren un marcado significado social, cultural ou educativo para a comarca na que se sitúan, co fin de destinalos a un uso público compatible cos seus elementos e características.
 - b. (...)
 - c. Realizar obras de mellora, reforma e reparación de infraestruturas e instalacións, así como o seu equipamento, destinadas a satisfacer as necesidades da veciñanza.

TERCEIRO.- Financiación

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e o Concello de Mos queren levar a cabo un convenio para a concesión dunha subvención directa para o proxecto arriba referenciado por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

- PROXECTO: "Acondicionamento de espazo público para uso formativo e de lecer" dentro da categoría "Promoción e posta en valor da vida social, cultural e educativa da comarca".
- ORZAMENTO: Noventa e sete mil oitocentos corenta e un euros con corenta e cinco céntimos (97.841,45 €), para a anualidade 2024.
- Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 -Código proxecto 2017 00003 dos orzamentos da Axencia para o ano 2024 "Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".
- Plan Estratéxico de Galicia:

Integración no Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030		
Proxecto 2017 00003		
Eixo	E3	Competitividade e crecemento





Prioridade de actuación	PA05	Aproveitar as potencialidades de Galicia cara un sector primario moderno e competitivo.
Obxectivo estratéxico:	E06	Contribuír o desenvolvemento económico e social en zonas rurais e costeiras. Mellorar as condicións de vida no territorio rural galego, especialmente a través dunha mellora das infraestruturas, mellora no acceso aos servizos básicos e creación de emprego.
Obxectivo operativo	OI01	Actuacións de soporte e apoio (gasto de funcionamento)

Aplicación orzamentaria 14.A1.712A.760.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 , código de proxecto 2017-00003.-"Actuacións senlleiras de mellora do patrimonio rural".		TOTAL
Importe	2024	97.841,45 €
	97.841,45 €	

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia o prazo de execución e xustificación rematará o 15.11.2024 sen prexuízo de que as actividades subvencionadas sexan as executadas a partires do 01 de xaneiro de 2024.

Orzamento desglosado e descrición por partidas

ORZAMENTO			
Nº	Descrición dos capítulos	%	Importe
01	Traballos previos de limpeza e desbroce	17,84	12.121,95 €
02	Movementsos de terra e excavacións	1,08	736,76 €
03	Firmes e pavimentos	11,68	7.936,75 €
04	Revestimentos e peches exteriores	29,95	20.353,16 €
05	Actuacións en edificacións	21,24	14.430,81 €
06	Instalacións	4,12	2.800,00 €
07	Xarniderías, equipamento e varios	5,74	3.901,00 €
08	Xestión de residuos	1,35	919,74 €
09	Seguridade e saúde	1,84	1.250,00 €
10	Medición topografía	5,15	3.500,00 €
Orzamento de execución material			67.950,17 €
Gastos xerais 13%			8.833,52 €
Beneficio industrial 6%			4.077,01 €





Total orzamento contrata sen IVE	80.860,70 €
I.V.E 21%	16.980,75 €
Total orzamento contrata con IVE	97.841,45 €

1.- Capítulo 01- Traballos previos de limpeza e desbroce

- Roza e limpeza superficial de monte baixo, incluíndo arbustos.....6.407,00 €
 - Limpeza de pavimentos exteriores existentes..... 5.314,95 €
 - Limpeza de cunetas e desatasco de sumidoiros exteriores.....400,00 €

Total capítulo 0112.121,95 €

2.- Capítulo 02- Movementsos de terra e excavacións

- Escavación en baleirado para formacións de novas sendas.....492,96 €
- Perfilado e compactación en caixa rúa.....243,80 €

Total capítulo 02.....736,76 €

3.- Capítulo 03- Firmes e pavimentos

- Pavimento de saburra natural granítica para novas sendas.....909,59 €
- Soleiras e pavimentados en edificios existentes.....2.701,00 €
- Escaleira tradicional de madeira en senda de acceso oeste (rampla existente).....2.884,16 €
- Enlistonado de madeira en senda de acceso oeste (rampla existente).....1.442,00 €

Total capítulo 03 7.936,75 €

4.- Capítulo 04- Revestimentos e peches exteriores

- Peche de postes de madeira.....11.256,96 €
- Porta exterior de madeira e malla metálica.....2.104,84 €
- Peche cinexético de malla anudada h 2.00 m..... 4.856,50 €
- Muro de contención de cahotería..... 2.134,86 €

Total capítulo 04 20.353,16 €

5.- Capítulo 05- Actuacións en edificacións

- Reparacións parciais interiores para posta en funcionamento dos edificios existentes.
 - Tratamento funxicida preventivo de paramento recuberto de xeso.....33,30 €
 - Substitución de revestimento de madeira aparafusada nas zonas deterioradas.....12,25 €
 - Substitución parcial de alicatado nas zonas deterioradas.....205,50 €





- Revestimiento mural de paramentos interiores con panel OSB nas zonas deterioradas.....81,45 €
- Consolidación de portas de madeira en estado de conservación regular.....36,24 €
- Restauración de fachada de madeira.....5.062,07 €
- Acondicionamiento interior del edificio dedicado a duchas con todo o necesario excepto instalaciones.....9.000,00 €

Total capítulo 05 14.430,81 €

6.- Capítulo 06- Instalacións

- Posta en servicio da instalación de fontanería nos edificios de aseos.....600,00 €
- Posta en servicio da instalación de saneamento nos edificios de aseos.600,00 €
- Posta en servicio da instalación de electricidade nos edificios de aseos.600,00 €
- Instalación completa de abastecemento, saneamento y electricidade de duchas.....1.000,00 €

Total capítulo 06..... 2.800,00 €

7.- Capítulo 07- Xarniderías, equipamento e varios

- Estendido manual de turba natural sen fertilizar. Plataforma de cultiv.....1.810,00 €
- Laboreo mecanizado superficial. Plataforma de cultivo.....151,00 €
- Bancales invernadoiro.....600,00 €
- Mesa exterior340,00 €
- Silla exterior apilable.....1.000,00 €

Total capítulo 07 3.901,00 €

8- Capítulo 08- Xestión de residuos: Xestión de residuos xerados durante a obra.....919,74 €

Total capítulo 08919,74 €

9.- Capítulo 09- Seguridade e saúde: Cumprimento da seguridade e saúde durante a execución das obras.....1.250,00 €

Total capítulo 09 1.250,00 €

10.- Capítulo 10- Medición topografía: Medición topográfica xorreferenciada con altimetría de topografía , arborado e construcións para replanteo das unidades de obra.....3.500,00 €

Total capítulo 10..... 3.500,00 €





Nos termos previstos no artigo 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as subvencións previstas canalizaranse a través de convenios subscritos con concellos, en canto entidades beneficiarias das axudas previstas.

Na tramitación administrativa deste expediente incorporaranse os seguintes informes:
-Informe da Asesoría Xurídica da Consellería do Medio Rural.
-Informe da Intervención Delegada da Consellería do Medio Rural.

Por todo o exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

O órgano competente para o acordo de convenios, por importe inferior a 900.000 euros que deba concertar a Agader para o axeitado exercicio das súas funcións, é o Consello de Dirección da Agader, que ten delegada a dita competencia na persoa titular da Dirección Xeral da Agader en virtude do apartado Primeiro, II, 7 do acordo do Consello de Dirección da Agader do 11 de xullo de 2013, publicado mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5.8.2013).

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica.

O Consello de Dirección
P.D. (Acordo do 11.07.2013)
A directora xeral
Inés Santé Riveira

